



Concello de Vigo

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **10 de decembro de 2013**, adoptou o seguinte acordo:

5.- COBERTURA DE RISCOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS, PERIODO 2014-2015. EXPTE.7969/445.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.12.13 e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Corrixir o erro material do acordo de clasificación aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 22 de novembro de 2013, substituíndo no apartado cuarto do punto segundo 10.297, 35 euros por 20.594, 69 euros.

2º.- Adxudicar a Mapfre Familiar Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A., o procedemento aberto para a contratación do aseguramento da flota municipal (expediente 7969-445) por un prezo total de de 411.893,75 euros e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa as porcentaxes de participación en beneficios na porcentaxe do 5 %.
- Incrementa o límite de RC de explotación e RC de carga na porcentaxe do 100 %.
- Incrementa as sumas aseguradas por falecemento, invalidez permanente e asistencia sanitaria do condutor e ocupantes en relación coas esixidas nas bases técnicas na porcentaxe do 90 %.
- Propón como custos de asistencia prestada a centros médicos non concertados coa aseguradora a cantidade de 30.540 euros.
- Incrementa a cifra de cobertura do transporte de mercadorías na porcentaxe do 100 %.
- Incrementa o seguro de accidentes dos Policías Locais (como ocupantes das motocicletas) na porcentaxe do 100 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dez de decembro do ano dous mil trece.



V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.